

S1901092 A educación para o desenvolvemento e a cidadanía global



OBXECTIVOS DA FORMACIÓN

- Ofrecer coñecementos teóricos sobre a educación para o desenvolvemento e a cidadanía global como proceso socio-educativo.
- Dar a coñecer ferramentas, recursos e metodoloxías relacionadas para poder empregarlas nos centros educativos.
- Afondar nas distintas temáticas coas que traballar nas aulas: dereitos humanos, xustiza social, realidades migratorias, consumo responsable...

Dirixida a profesorado de secundaria

Datas: 7, 14, 21, 28 de novembro e 5 de decembro. Horario: de 16 a 20 horas.

Lugar: Centro Autonómico de Formación e Innovación de Santiago de Compostela

PROGRAMA

1ª SESIÓN. A educación para o desenvolvemento e a educación para a cidadanía global. Achegas, prácticas e fundamentos teóricos

7 de novembro. Biblioteca do CAFI.

Relatora: Silvana Longueira, Departamento de Pedagogía e Didáctica da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago.

2ª SESIÓN. Visión global, interdependencia e corresponsabilidade

14 de novembro. Aula 1.09 do CAFI.

Relatora: María Caride, responsable da área de Educación para a Cidadanía Global de Solidariedade Internacional de Galicia.

Analizarase o contexto global de desigualdades e reflexionarase sobre como observamos esta realidade; afondarase nos conceptos de interdependencia e corresponsabilidade, imprescindibles para traballar dende un enfoque de ECG; e achegaranse ferramentas para incorporar este enfoque nas aulas.

3ª SESIÓN. Realidades migratorias e diversidade cultural

21 de novembro. Biblioteca do CAFI.

Relatora: Natalia Monje, responsable de comunicación e Educación para a Cidadanía Global da ONG Ecos do Sur.

Traballaranse conceptos vinculados coa migración (asilo, refuxio, persoas migrantes, refuxiadas e en tránsito...) e achegaranse ferramentas e propostas para traballar a interculturalidade e a diversidade nas aulas. Tamén se achegará teoría sobre a desinformación e os discursos de odio así coma metodoloxías para traballar cuestións coma os bulos e as novas falsas arredor das persoas migrantes.

4ª SESIÓN. Dereitos Humanos, xustiza social, democracia e participación.

28 de novembro. Biblioteca do CAFI.

Relatores: Marta Andrade (responsable de sensibilización e política de infancia de UNICEF) e Ramiro Gómez Salgado (Asemblea de Cooperación pola Paz).

Nesta sesión traballarase arredor dos dereitos humanos. Achegaranse propostas para a construción dunha cidadanía global crítica, activa e responsable. Propoñeranse ferramentas e ideas para promover a convivencia positiva na escola e a participación.

5ª SESIÓN. Consumo responsable.

5 de decembro. Biblioteca do CAFI.

Relatora: Laura Casal Guillán, técnica responsable de cooperación da asociación Amigos da Terra. E vogal da Xunta Directiva da Coordinadora e forma parte da comisión de educación para o desenvolvemento e a comisión de incidencia política.

Nesta sesión reflexionárase sobre o desenvolvemento sustentable e sobre os impactos sociais e ambientais que teñen, en todo o mundo, os nosos modelos de consumo e alimentación. Ofreceráanse estratexias para promover alternativas como o consumo responsable e o comercio xusto en ámbito como a alimentación ou a enerxía. Proporcionarase recursos para a promoción da educación ambiental nos centros educativos.

En cada sesión compartirase:

- Bibliografía complementaria.
- Exemplos de boas prácticas en centros educativos.
- Propostas para aplicara o enfoque da ECG na aula.